

Galicia colócase á cabeza da redución do paro xuvenil cun descenso do 21,5% en 2014

O número de desempregados menores de 25 anos da nosa comunidade pasou dos 16.700 en 2013 aos 13.100 de 2014, un dato que, non sendo suficiente, é esperanzador

Galicia é a Comunidade Autónoma de España onde máis baixou o paro rexistrado na poboación de menores de 25 anos en 2014, pasando dos 16.700 parados en 2013 a 13.100, unha redución do 21,5%.

Fronte ao que di a oposición, hoxe Galicia é unha das comunidades na que menos mozos saíron a outras comunidades ou ao estranxeiro, sendo 2007, coa Xunta bipartita, o ano no que máis mozos emigraron (13.000 fronte a os 11.700 de agora).

A loita contra o desemprego en xeral e contra o xuvenil en particular é unha das maiores teimas do Goberno galego e, ao seu entender, para a súa erradicación todos os esforzos son poucos. De feito, o Plan de emprego xuvenil da Xunta, que conta con 100 millóns de euros, xa está en funcionamento e no seu primeiro ano xa se adxudicaron a metade dos fondos.

Para que os nosos mozos conten coas máximas posibilidades de labrarse un bo futuro o Goberno de Feijóo ten claro que hai dous eixos de traballo fundamentais: formación e facilitación da inserción laboral.

O traballo ten que ser especialmente eficaz naqueles perfís de persoas menores de 25 anos que nin estudan nin traballan, que son uns 30.000 mozos na nosa comunidade. A eles se destina o programa Garantía Xuvenil. Ten un orzamento de 48 millóns de euros para a execución de 9 medidas.

DATOS DO PARO DE MARZO HISTÓRICOS

Cabe lembrar tamén que, ademais da evolución positiva do desemprego xuvenil, Galicia está rexistrando un bo comportamento na evolución do número de desempregados en xeral. A este respecto o voceiro do PPdeG, Miguel Tellado, subliñou que Galicia foi o pasado mes de marzo a terceira comunidade na que máis se reduciu o paro en termos intermensuais relativos ao mes de marzo de 2014. Ademais, a Comunidade voltou a niveis de desemprego anteriores a 2012.

Como especificou o dirixente popular, o pasado mes rexistrouse en Galicia un descenso de 5.412 persoas respecto a febreiro, o que en termos

porcentuais representa unha diminución do 2,1%.

Ademais do descenso mensual, Tellado puxo en valor que volve a rexistrarse unha diminución interanual do paro rexistrado do 8,80%, o que significa que, desde marzo do pasado ano, 24.326 persoas abandonaron a lista do desemprego. Trátase da maior das consecutivas baixadas do paro rexistradas nos últimos dezasete meses.

Así mesmo, o voceiro do PPdeG destacou que este descenso interanual é o maior rexistrado nun mes de marzo de toda a serie histórica (estadísticas desde 1996) en termos absolutos. En relativos, é o maior desde 2007.

Queda traballo por facer, os datos poden ser mellorados pero a súa evolución deixa marxe á esperanza e reflicte que o Goberno do PP na Xunta escolleu un rumbo axeitado cara a recuperación económica e, sobre todo, do emprego.